

	ESTADO ABSOLUTISTA	ESTADO LIBERAL
A soberanía e o Estado	A monarquía (rei) ó de orixe divina polo que ten todo o poder, ten a soberanía. O rei é o Estado.	O poder está no pobo que decide o goberno que prefere (soberanía nacional). O Estado está formado polos individuos que o integran.
Os poderes	O rei exerce todos os poderes (executivo, lexislativo e xudicial) persoalmente ou por medio de outras persoas ás que encarga o goberno no seu nome.	Hai separación de poderes: o poder executivo é o que exerce o goberno (o rei); o poder lexislativo, encargado de face-las leis, é exercido polo Parlamento; o poder xudicial, polos tribunais da xustiza.
A Constitución	Non hai unha Constitución: a vontade do rei é a lei.	Hai unha Constitución escrita que é a lei suprema de cada país.
Os dereitos das persoas	As persoas que pertencían á nobreza e ó clero tiñan privilexios que eran negados ás demais persoas.	Todos os individuos teñen uns dereitos iguais protexidos pola lei. A única desigualdade é a que se deriva das diferencias de fortuna.
O Parlamento	O rei case nunca convocaba o Parlamento e cando o facía, el tiña sempre a última palabra. O Parlamento está formado por representantes dos tres estamentos.	O Parlamento réunese periódicamente; é o que elabora as leis que teñen que cumprir todos. O Parlamento está formado por representantes escollidos pola poboación.
O exército	Está formado por mercenarios contratados polo rei.	Todos os homes do país teñen a obriga de facer o servizo militar.
A sociedade	Na sociedade había 3 estamentos: 2 que tiñan privilexios (nobreza, clero) e o terceiro estado (sin privilexios), que incluía a burgueses, campesinos e traballadores das cidades.	Non hai estamentos. Todos os individuos teñen teóricamente os mesmos dereitos ante a lei. As diferencias entre as persoas son de tipo económico, de fortuna polo que hai senté de clase alta (burgueses) e outros de clase baixa (traballadores).
O comercio e a produción industrial: a liberdade económica	Para fabricar algo ou para adicarse a algo é necesario pertencer a un gremio ou unha concesión do rei. Non hai liberdade económica: todas as actividades económicas están regulamentadas polos gremios, concellos ou estado.	Hai liberdade para adicarse ó comercio e a produción de calquera cousa. Prohíbense os gremios. Hai liberdade económica. O mercado, por medio da lei, da oferta e da demanda, ordena a economía.
A propiedade da terra	A propiedade da terra estaba compartida entre varias persoas (os campesinos e os nobres ou o clero) e non se podía dispoñer libremente dela.	A terra é de cada propietario privado que pode traballar como mellor lle pareza.